

## EDITORIAL

A economía da autoxestión, da democracia laboral, da responsabilidade compartida nas organización da produción é hoxe unha realidade que se pode presentar na súa plenitude como proposta de sociedade, como unha necesidade de política industrial e como un lugar de experimentación de novas formas de organizarse.

Ten crecentemente un gran atractivo para moitos colectivos sociais e unha dupla necesidade: necesidade de formas de organizacións do traballo participativas, de responsabilidade grupal e polivalentes; e necesidade de resolver constructivamente os descalabros sociais que orixina un capitalismo irresponsable e cínico.

Se os sindicatos pretenden manter a organización do traballo baixo o dominio capitalista desentendéndose da autoxestión, é natural que a cambio teñan que aceptar a lóxica do beneficio e a lóxica do mercado, que é a lóxica que enarbola a dirección de empresa para xerar un emprego que se deteriora. Só mostrando que a produción se pode organizar sobre a base da democracia laboral se pode contraponer unha alternativa sólida e negociar sabendo o que se pode pedir.

Se as opcións políticas e sociais do país continúan a abandeirarse baixo as súas grandiosas doutrinas contrarias á autoxestión, doutrinas que amputaron tantas iniciativas e colaboraron ó marasmo de moitas formas de autoxestión prometedoras, terán que acabar por aprender tamén que poñe-las esperanzas noutros lugares é moito máis iluso.

Hoxe, no mundo, xa hai moitas experiencias autoxestionarias que se poden propoñer como alternativas; xa hai varias sociedades locais integramente autoxestionarias e todo parece indicar que inician un proceso de medrío expoñencial.

Entre nós, é o momento de decidirse pola reflexión, pola experimentación, polo compromiso coas formas de organización productiva de responsabilidade compartida.

